

Código do documento	Código do expediente
USG16I0004	USG/2021/217
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M1N 2Z11 0M10 3U1V 1E6C	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE XANEIRO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e dous minutos do día tres de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Juan Carlos Iglesias Lovelle.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 27-12-2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 27 de decembro de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 27 de decembro de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. BOE núm. 312 do 29-12-2021.
- Resolución do 15 de decembro de 2021, da Axencia Galega de Infraestruturas -Servizo Provincial da Coruña-, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación e formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción denominado Fomento da

Código do documento	Código do expediente
USG16I0004	USG/2021/217
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M1N 2Z11 0M10 3U1V 1E6C	

mobilidade sustentable, itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva, puntos quilométricos 1+840-2+340, de clave AC/20/009.06.1, nos concellos de Cambre e Culleredo. DOG núm. 248 do 28-12-2021.

- Anuncio do 23 de decembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística (SNL) durante o ano 2022. BOP núm. 246 do 28-12-2021.
- Anuncio do 27 de decembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de ensinanzas do Conservatorio de Música Municipal do mes de novembro de 2021. BOP núm. 249 do 31-12-2021.
- Anuncio do 28 de decembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondentes ao 4º trimestre de 2021. BOP núm. 249 do 31-12-2021.
- Anuncio do 28 de decembro de 2021, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao cuarto trimestre do ano 2021 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 1 do 03-01-2022.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

2.3.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDIMENTO ABREVIADO 47/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 9 de decembro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, Procedemento Abreviado 47/2021 (recurso contencioso administrativo interposto pola FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA fronte á inactividade do Concello de Culleredo, ao non facer efectiva a cantidade derivada do incremento do xustiprezo fixado pola Resolución do Xurado Provincial de Expropiación de Galicia), en cuxo acordo di:

“

- Declarar la firmeza de la Sentencia dictada.
- Remitir a la Administración demandada, junto con el expediente administrativo, dicha sentencia, requiriéndole para que la lleve a puro y debido efecto en el plazo fijado en la Ley y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo, debiendo en el plazo de diez días comunicar el órgano responsable de su cumplimiento.
- Cumplido lo anterior, archívense las presentes actuaciones.

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **CINCO DÍAS**, a contar desde el siguiente al de su notificación.”

2.4.- SENTENZA 200/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDIMENTO ABREVIADO 143/2021-M.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza, do 20 de decembro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, Procedemento Abreviado 143/2021-M, en cuxo fallo, anonimizado, di:

Código do documento	Código do expediente
USG16I0004	USG/2021/217
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0M1N 2Z11 0M10 3U1V 1E6C	

“ESTIMANDO recurso contencioso administrativo interpuesto por D. XULIO XABIER LOPEZ VALCARCEL, Procurador de los Tribunales, en nombre y representación de J.M.E.B., frente a desestimación por silencio de la reclamación de fecha 20/08/2020 presentada frente al CONCELLO DE CULLEREDO, en reclamación por los daños sufridos por el vehículo matrícula 0815DHY en accidente de fecha 13 de noviembre de 2019 ocurrido a la altura del nº 1 de la calle Rio Cova condenando al Concello a indemnizar a D. J.M.E.B., en la cantidad correspondiente a los daños sufridos por los neumáticos, sustitución, llantas y alineación, más los intereses legales desde el siniestro o subsidiariamente desde la fecha de interposición de la reclamación administrativa y con expresa condena en costas a la Administración demandada, con expresa condena en costas a la Administración demandada si bien se limitan las mismas por los conceptos de representación y defensa a un máximo de 400 euros.

Pronúnciese esta sentencia en audiencia pública y notifíquese a las partes con la advertencia de que contra la misma no cabe interponer recurso ordinario alguno, sin perjuicio del recurso de casación que pueda interponerse si se dan los requisitos previstos en el artículo 86.1 de la LJCA.

(.../...)”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H